

## Exercicios de autoavaliación

### I: Comentario de texto (1)

Le a seguinte cantiga e indica o xénero ao que pertence. Explica o refrán, o paralelismo e o leixaprén. Que paisaxe suxire?

Vayamos, irmana, vayamos dormir  
nas rrybas do lago, hu eu andar vy  
a las avex meu amigo.

Vaiamos, hirmana, vaiamos folgar  
enas rribas do lago, hy eu vi andar  
a las avex, meu amigo

Enas rribas do lago, hy eu vi andar  
seu arco na mão as aves ferir,  
a las aves, meu amigo.

Seu arco na mano as aves ferir,  
e las que cantavan léixalas guarir,  
a las aves meu amigo.

Fernand'Esquio

**Solución:** Cantiga de amigo con refrán (3º verso de cada estrofa). As dúas primeiras estrofas son paralelísticas e o mesmo ocorre coas dúas últimas. O leixaprén vese porque o primeiro verso da terceira estrofa repite o segundo da segunda estrofa; o primeiro verso da cuarta estrofa repite o segundo da terceira.

### II: Comentario de texto (2)

**"¡E irei, madre, a Vigo!"**

Mandado hei comigo  
ca vén meu amigo  
¡E irei, madre, a Vigo!

Comigo hei mandado  
ca vén meu amado  
¡E irei, madre, a Vigo!

Ca vén meu amigo  
e vén san e vivo

¡E irei, madre, a Vigo!

Ca vén meu amado  
e vén vivo e são  
¡E irei, madre, a Vigo!

Ca vén san e vivo  
e del rei amigo  
¡E irei, madre, a Vigo!

Ca vén vivo e sao  
e del rei privado  
¡E irei, madre, a Vigo!

*Martín Codax*

### 1. O xénero da cantiga

- Comenta o significado de mandado, hei, privado. Que sentimento expresa a cantiga?
- Investiga quen era Martín Codax.

### 2. Estrutura e técnicas literarias

- Sinala as estrofas, a rima dos versos e o refrán. Busca exemplos de palabra volta e rima derivada. Explica o paralelismo e o leixaprén.
- Tenta dividir a cantiga en tres partes que obedezan respectivamente a estas tres mensaxes: anuncio da chegada do amigo, estado de saúde do amigo, relación do amigo co rei.
- Relaciona o tema da cantiga co carácter cortesán desta lírica (os trovadores adoitaban ser guerreiros que servían ao rei na guerra, estaban lonxe da amada, volvían de tarde en tarde...).

### 3. Valoración e xuízo crítico

- Valora a actitude da amiga ante a chegada do amigo. Comenta o refrán.
- A quen se dedicou o Día das Letras do ano 1998? Relaciona o tema da cantiga con outros tan actuais como a volta do emigrante ou do mariñeiro.

**Solución:** Suxerimos sinalar os significados de *mandado*, 'recado ou aviso'; de *haber* como 'ter'; *privado* como 'conselleiro, protexido'. A cantiga expresa o desexo da rapaza de verse co amigo aínda que lle custe ferro e fariña e se opoña a nai. Sinalar tamén o carácter de xograr, compositor ou segrel de Martín Codax e a súa vinculación coa paisaxe viguesa. A cantiga presenta paralelismo e leixaprén. Presenta como rima derivada *amado* e *vivo*. Como palabra volta aparece *amigo*. Pode relacionarse co ambiente cortesán pois o amigo parece vir de servir ao rei. Cómpre valorar a actitude decidida da rapaza de ir ao encontro do amigo, mesmo por enriba da vontade da nai, como ben expresa o refrán da cantiga. O Día das Letras Galegas de 1998 dedicouse aos tres poetas do mar de Vigo:

Meendiño, Martín Codax e Johan de Cangas.

### III: Preguntas do tema (1)

1. Cita e explica a pronuncia de tres sons que existisen no galego medieval e que hoxe xa non aparecen no galego normativo.
2. Comenta a orixe xeográfica dos trobadores da escola galego-portuguesa e por que usaban o galego-portugués nas súas composicións.
3. Comenta tres características rechamantes da cantiga de amigo.
4. Explica tres temas ou motivos típicos da cantiga de amigo.
5. Indica, de forma razoada, os motivos polos que esta cantiga é unha cantiga de amigo:

*Fui eu a San Servando por veer meu amigo  
e non o vi na ermida, nen falou el comigo,  
namorada!*

*Desseron-mi mandado do que muito desejo,  
ca verr' a San Servand' e pois eu non o vejo,  
namorada!*

*Johan Servando*

6. Explica as formas *veer*, *nen*, *desejo*, *mi*, *vejo* que aparecen na cantiga anterior. Compáraas coas formas normativas actuais.
7. Comenta como aparece a paisaxe na cantiga anterior.
8. Clasifica razoadamente polo tema ou motivo a cantiga anterior. Relaciónaa con outras do mesmo tema que leses nesta sección ou noutra anterior.
9. Por que algúns lingüistas prefiren falar de *galego medieval* a de *galego-portugués*?
10. Explica como combina a cantiga de amigo a tradición literaria popular coa lírica cortés culta. Podes usar como exemplos as cantigas vistas na unidade.
11. Relaciona a cantiga de amigo coas *kharxas*. Que eran as *cantigas de muller*?

### Solución:

1. O son fricativo prepalatal sonoro representado por *j+a,o,u* ou *g+e,i*: *ja*, *gente*. Debemos salientar que se conservan estes sons dialectalmente na Limia Baixa. O son africado dentoalveolar sonoro representado por *c+e,i* ou *ç+a,o,u* e o correspondente sonoro representado por *z*: *coraçon*, *razon*.
2. Eran non só de todos os puntos da península Ibérica, senón incluso de Provenza, como Arnaldo, ou mesmo italianos como Bonifacio Calvo. Usaban o galego-portugués porque era considerado lingua propia da lírica.
3. Está posta na boca dunha muller, son poemas de tema amoroso e neles sempre aparece a palabra *amigo*.
4. *Mariñas* ou *barcarolas*, que transcorren nunha paisaxe ou ambientes mariñeiros. *De romaría*, que tratan dun encontro ou cita amorosa co gallo dunha romaría. *Bailada*, a rapaza entretén a espera do amigo bailando soa ou coas amigas.
5. Aparece a palabra *amigo* xa no primeiro verso, está posta na boca dunha

rapaza e toca un motivo típico da cantiga de amigo: o encontro ou cita co gallo dunha romaría.

6. *Veer* do latín *videre*: o *i* breve latino evoluciona a *e* pechado; a consoante oclusiva sonora intervocálica pasa a fricativa e pérdese. As dúas vogais *e* acaban por fundirse nunha soa. *Nen*, do latín *nec*. O *n* final desenvólvese, trala perda do */-k/* final, por influencia da consoante nasal implosiva. O actual *nin* prodúcese pola tendencia a pechazón do *e* átono. *Desejo* procede do latín vulgar *desidium*, coa palatalización e posterior enxordecemento do grupo *di*. *Mi* procede do latín *me*; esta forma con *i* débese á influencia do dativo *mihi*. *Vejo* é o actual *vexo*, do latín *video*: o *i* breve pasa a *e* pechado, e o grupo *d+iode* palatalízase na palatal sonora, que na lingua actual se enxordece.

7. Como é propio da cantiga de amigo, aparece suxerida unha paisaxe rural agradable polas connotacións que rodean á palabra *San Servando*, nome dunha ermida e dunha romaría.

8. É unha cantiga de romaría, pois a amiga pensa atoparse co amado co gallo dunha romaxe.

9. Porque naceu do latín vulgar falado na actual Galicia e de alí foi avanzando cara ao sur de Portugal segundo ía avanzando a Reconquista.

10. As cortes gustan de xogar cos elementos populares da rapaza namorada, das romarías, da canción popular, etc. Non obstante, nelas aparecen o amor cortés, símbolos e técnicas da lírica provenzal, como podemos ver nos símbolos que utiliza D. Denis ou mesmo as alusións a actividades propias da corte. Por outra banda, reparemos en que non están escritas por mulleres: trobadores homes finxen ou supoñen o que sente a muller.

11. As *kharxas* son poemiñas anónimos escritos en mozárabe en que tamén se expresa unha rapaza. Parece que na Europa medieval había un xénero da lírica popular que era a *canción de muller*.

#### IV: Comentario de texto (3)

Foi un día Lopo jogar  
a cas dun infançon cantar;  
e mandou-lh'ele por don dar  
três couces na garganta;  
e fui-lh'escass', a meu cuidar,  
segundo com'el canta.

Escasso foi o infançon  
en seus couces partir en ton,  
ca non deu a Lopo, enton,  
mais de três na garganta;  
e mais merece o jograron,  
segundo com'el canta.

Martín Soares

### 1. Caracterización e identificación do texto:

- Comenta as grafías que máis contrastan coa lingua actual.
- Indica se é de escarnio ou maldicir e o seu tema.

### 2. Estrutura e técnicas literarias:

- Indica se a cantiga é de refrán ou mestría. Estrofas singulares ou unissonans
- Análise métrica e valor do aumentativo *jograron*.

### 3. Valoración e xuízo crítico:

- Relaciona o tema da cantiga coa vida dos trovadores e xogres nas cortes medievais.

**Solución:** Suxerimos o seguinte: cómpre comentar grafías e sons como *j de jogar, ç de infancon, lh'ele*, o *ss* xordo de *escasso*, etc. A cantiga é claramente de maldicir, pois ata o nome do xogar criticado se cita. Con todo, como xa dixemos, a crítica actual consideraría un escarnio literario. Salientemos que é unha cantiga de refrán e de estrofas singulares. O verso 4 de cada estrofa queda solto, sen rima, e repite a mesma palabra *-garganta-* polo que é un caso de *palavra perduda* e palabra rima *-pois repite a mesma palabra na mesma posición de rima-*. Son estrofas capfinidas porque o primeiro verso da segunda estrofa repite a palabra *escasso*, que aparece no último verso da primeira estrofa. Existe *a palabra equívoca* entre *en ton -2, II-* e *enton, -3, II-*: soan igual, pero teñen significado diferente e ata son palabras distintas. Hai rima derivada entre 1, I *-jogar-* e 5, II *-jograron-*. O aumentativo *jograron* é claramente despectivo. Hai tamén correspondencia paralelística entre o verso 5 de I e o 1 de II, pois repiten o mesmo concepto coa palabra *escasso*. Fixémonos na aliteración *don dar*, mesmo na harmonía imitativa do golpe dos couces que suxire a acumulación dos *des co n*, tamén do fonema oclusivo */k/*, etc. Sinalemos os disfemismo *couces* e ata o ton caricaturesco que fai que os reciba na garganta: mesmo parecen os xestos de debuxos animados ou dunha película cómica de cine mudo. Vexamos o efecto humorístico: os primeiros versos da primeira estrofa fannos pensar na brutalidade do nobre que dá couces; o derradeiro verso da estrofa e o refrán xustifican o castigo desmedido e ata irreal, por hiperbólico e caricaturesco. A crítica a outros trovadores e xogres era un tópico das cantigas de escarnio: de aí que a moderna investigación estableza o subxénero do *escarnio literario*.

### V: Preguntas do tema (2)

1. Cita e comenta os temas que tratan as cantigas de escarnio e maldicir.
2. Cal é a distinción entre cantigas de escarnio e cantigas de maldicir? É doada de facer?
3. Define o disfemismo. Cita disfemismos que lembres que se empregan nas cantigas de escarnio e maldicir.
4. Que eran os *prantos*? Coñeces algún?

5. Le o fragmento da seguinte cantiga de *Afonso X* e establece o xénero ao que pertence de forma razoada. Indica tamén se é de refrán ou de mestría, o tipo de estrofas e se as estrofas son unissonans ou singulares:

O que da guerra levou cavaleiros  
e a sa terra foi gardar dinheiros  
*non ven al maio.*

O que da guerra se foi con maldade  
e a sa terra foi comprar erdade,  
*non ven al maio.*

6. Indica outros recursos literarios que presenta esta cantiga: anáfora, paralelismo, antítese, paronomasia, etc. A que ciclo temático de Afonso X pertence esta cantiga?

### **Solución:**

1. Crítica dos defectos, especialmente da avaricia e prepotencia, de clases sociais como a nobreza e o clero; sátira do mal comportamento da nobreza nas guerras; críticas literarias contra outros trovadores, xograres e soldadeiras; reflexións de tipo filosófico-moral sobre a mentira, etc.

2. As cantigas de escarnio representan os vicios e defectos por palabras de dobre sentido que o lector debe descubrir. As de maldicir presentan estes vicios e defectos e mesmo as persoas que os teñen.

3. Palabra que resulta dura, desagradable ou mesmo malsoante. As cantigas de escarnio e maldicir adoitan usar ás veces disfemismos: *couces, xograrón, matar de fame e sede, comer mal, cobiza, etc.*

4. Era un poema destinado a laiar a morte dunha persoa e adoitaba salientar as virtudes dunha persoa morta. Pero da Ponte foi un grande autor de prantos e destacan os que compuxo na honra da raíña dona Beatriz de Suabia.

5. Estamos ante unha cantiga de escarnio político. Está formada por dísticos que riman en consonante. Estas estrofas son singulares, pois non repiten a rima. Por outra banda, é unha cantiga de refrán.

6. Observemos o comezo anafórico das dúas estrofas e o paralelismo literario que hai entre as dúas estrofas, pois expresan a mesma idea con distintas palabras. Salientemos a antítese irse da guerra -ir para a súa terra- e mesmo a paronomasia que se establece nestas oracións co verbo ir, que só se distinguen polo uso de preposicións diferentes e antitéticas: da-a. Pertence ao ciclo das cantigas de escarnio político que Afonso X escribe con motivo do mal comportamento da nobreza na guerra de Granada.

### **VI: Preguntas do tema (3)**

1. En que dúas clases se dividen as *Cantigas de Santa María*?

2. Por que ten tanta importancia na Idade Media a literatura de tema relixioso?

3. Indica como reflicte a literatura a sociedade e a visión do mundo propias da Idade Media. Cita, para apoiares a túa exposición, exemplos tomados de textos medievais.

4. En que se distinguía a crítica social da literatura medieval da actual? Por que



considera o home medieval que a sociedade estamental era perfecta? Como se conciliaba esta idea de que a organización social era perfecta coa crítica social das cantigas de escarnio e maldicir?

5. Explica os xéneros líricos máis característicos da escola galego-castelá.

6. Quen eran Juan de Baena, Macías e Gómez Manrique?

### Solución:

1. Narrativas, que relatan milagres da Virxe. De loor, que aparecen cada nove cantigas narrativas, e gaban a Virxe.

2. Porque a Idade Media é unha época teocéntrica e profundamente relixiosa. Por outra banda, a Igrexa utilizou a literatura para estender entre o pobo os dogmas relixiosos e mesmo para incitar á piedade con vidas de santos, poemas relixiosos, etc. A mesma organización social feudal considerábase un trasunto da Santísima Trindade.

3. Martín Moxa cre que chegou a fin do mundo pola falta de xustiza e virtude. Salienta a avaricia, posiblemente influído polas continuas loitas entre os nobres para acadar máis poder dentro dunha sociedade feudal.

4. Porque a Idade Media é unha época teocéntrica e profundamente relixiosa. Por outra banda, a Igrexa utilizou a literatura para estender entre o pobo os dogmas relixiosos e mesmo para incitar á piedade con vidas de santos, poemas relixiosos, etc. A mesma organización social feudal considerábase un trasunto da Santísima Trindade.

5. A cantiga, o dicir e a pregunta-resposta.

6. O funcionario que recompilou o cancionero que leva o seu nome e que contén os mellores exemplos da escola lírica galego-castelá. Macías é o poeta máis célebre desta escola. Gómez Manrique, tío de Jorge Manrique, foi o último trovador da escola galego-castelá.